

Concello de Viveiro

EXPTE.- 1024/2023

ASUNTO.- Trámite de Audiencia relativo ao recurso presentado por Dna. Marta Pernas Quiroga.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan quince prazas de **"ADMINISTRATIVO/A"**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de quince prazas de **"ADMINISTRATIVO/A"**, funcionario de carreira.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de quince prazas de **"ADMINISTRATIVO/A"**, funcionario de carreira en data 01 de decembro de 2023.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Proposta do Tribunal e a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal.

Visto o recurso presentado por Dna. Marta Pernas Quiroga en data 28 de novembro de 2024 e número de rexistro de entrada neste Concello 2024-E-RE-3844.

Tendo en conta o disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), no que se indica que se houberse outros interesados/as daráselles en todo caso traslado do recurso para que no prazo antes citado aleguen canto estimen procedente.

Resultando que na proposta do Tribunal o recorrente figura no número 41 na orde de aspirantes, polo que os aspirantes con maior puntuación que a puntuación obtida polo recorrente, que se atopan nun número de orde anterior, resultan polo tanto interesados no procedemento, conforme ao disposto no artigo 4.c) da referida norma (LPACAP).

Por medio da presente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Outorgar trámite de audiencia aos/ás interesados/as no procedemento, considerando en todo caso interesados no procedemento os aspirantes que se atopan nun número de orde anterior ao número 56, número de orde na que se atopa o recorrente, por prazo de 10 días hábiles,



Concello de Viveiro

previo á resolución do recurso interposto.

SEGUNDO.- Tendo en conta o prazo máximo de finalización dos procesos de estabilización estipulado na Lei 20/2021, e que a tramitación do recurso presentado non afecta aos aspirantes seleccionados, nin en consecuencia ao remate ou resolución do procedemento cos nomeamentos como funcionarios de carreira dos aspirantes seleccionados, podendo afectar, no seu caso, unicamente á orde de aspirantes non seleccionados que confeccionan a lista de emprego; determínase a continuidade do procedemento, con independencia da tramitación e resolución do recurso interposto e das actuacións que deriven do mesmo.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución, no taboleiro de edictos municipal, no tableiro de edictos dixital do Concello de Viveiro, e na páxina web municipal, para o outorgamento do trámite de audiencia previsto no artigo 118.2 LPACAP e coñecemento dos interesados no proceso selectivo. O prazo de audiencia comezará a computar ao día seguinte ao da publicación desta Resolución no taboleiro de edictos dixital do Concello de Viveiro. O acceso ao recurso presentado poderá realizarse nas dependencias municipais do Concello de Viveiro, sitas na Praza Maior ,1, Viveiro, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou mediante solicitude de acceso presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 LPACAP.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

Asdo. Dna. María Loureiro García

Asdo. Dna. María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

